

Data	14/12/2022
Lugar	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Pranta 4ª, Avda Beiramar nº 59
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:10h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidente, Gorka Gómez Díaz • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Raquel Carballo Coello • Santiago Rodríguez Sánchez • Isabel Lago Schramm - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Bertila Fernández Pérez • Pedro Xosé Castañón Valls • Joel Covelo Gallego - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Pilar Álvarez Rey • María Aurora Alonso Saenz de Miera • Enrique Alonso Rodríguez • Juan Ramón Castro Cota • Antonio Vázquez Vázquez
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez <ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Emma Iglesias Arbor • Sector docente: Xoan Xosé Santos Costa • Sector docente: Miguel Ángel López González • Sector docente: Yolanda Benito de Tapia • Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez • Sector usuarios: Yolanda González Larrañaga • Sector social: Óscar Álvarez Gallego • Sector social: Isabel López Lorenzo • Sector social: Antonia Céspedes Balongo

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín • Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea • Sector usuarios: Sergio Pico González • Sector Social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

Orde do día:

- 1.- Aprobación das actas anteriores, se procede.
- 2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2021-2022
- 3.- Informe da Presidencia do CEMV
- 4.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2022-23
- 5.- Propostas de mocións:
 - 5.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a saúde mental
 - 5.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a incorporación de novos perfís profesionais á escola pública.
 - 5.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a educación inclusiva.
 - 5.4.- Moción da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as deficiencias detectadas nos comedores de xestión indirecta da Xunta de Galicia.
 - 5.5.- Moción da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mobilidade do alumnado de Coia.
 - 5.6.- Moción Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as bolsa de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.
 - 5.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios/as,

representante do alumnado, a través da Comisión do Alumnado sobre o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

5.8.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mellora da calidade do ensino.

5.9.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a gratuidade dos libros de texto.

5.10.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a falta de transparencia e os procedementos da Administración Educativa.

5.11.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.

6.- Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Antes de comezar o Secretario informa de que houbo un erro involuntario na documentación que se enviou coa convocatoria. Explica que a moción número 3, que presentou Foanpas, se mandou co contido repetido da número 8. Por ese motivo, informa de que se trouxeron copias impresas do texto real e que, se logo o Pleno o considera oportuno, se pode debater igualmente ou se o prefiren pódese trasladar á seguinte sesión.

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Procédese á votación das actas que previamente se enviaron a tódolos membros do Pleno para a súa lectura. Trátase da acta da sesión plenaria do 23 de marzo que quedara sen enviar no anterior Pleno e a do 1 de xuño.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar as actas das Xuntanzas Plenarias do 23 de marzo e do 1 de xuño.

2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2021-2022

O Secretario comenta que se trata dun informe no que se dá conta do cumprimento do réxime de xuntanzas e no que se recollen as estatísticas sobre a participación dos membros do CEMV, as porcentaxes de participación por sectores, o resumo dos temas abordados en cada xuntanza e o resumo dos acordos que se toman en sesión plenaria. É preceptivo que esta sexa aprobada polo Pleno polo cal someten á votación a súa aprobación.

3.- Informe da Presidencia do CEMV

O Presidente comeza por dar conta dos cambios de representantes no CEMV. No Sector Usuarios informa de que neste intre só hai 2 representantes do alumnado, Sergio Pico e Joel Covelo, despois de que Egoitz Rivas e Zerihum Luis remataran os seus estudos nos IES de Vigo. No Sector Social: Juan Castro Cota, Director do CPR Quiñones de León, substitúe a José Manuel Rodríguez Lago como representante dos Centros Privados. Explica ademais que Enrique Alonso Rodríguez, de CCOO, será o representante das centrais sindicais, non vinculado ao ámbito educativo. Altéranse cada curso CIG, UXT e CCOO e este curso tócalle a CCOO.

Acerca das mocións aprobadas no último Pleno do 1 de xuño de 2022, explica que teñen novidades nas que foron remitidas ao Concello. Con respecto aos accesos do IES Álvaro Cunqueiro, desenvolvéronse intervencións de humanización, colocación de luminarias, semáforos e pasos de peóns con resaltes, estando xa orzamentado o arranxo das beirarrúas e o asfaltado da contorna deste centro e do Celso Emilio Ferreiro.

Sobre ás deficiencias do muro colindante entre o IMD e o IES Santa Irene, explica que foron arranxadas polo Servicio Municipal de Deportes, que era a que tiña a competencia neste caso.

Con respecto ao resto das Mocións sobre alumnado con NEAE, educación emocional, oferta da modalidade de Bacharelato Xeral, Plan de Potenciación da FP Galega, Plan de Igualdade e acollemento de alumnado de FCT e Ciclos de FP Dual, funcionamento Consellos Escolares de centro..., informa de que foron remitidas todas elas á Administración Educativa Competente (Conselleiro de Educación, Xefe Territorial e Delegada da Xunta en Vigo), sen ter obtido resposta algunha. Comenta que isto non é de estrañar porque tampouco teñen a ben contestarlle a ningunha das cartas que ten enviado desde a Concellería de Educación. Di que o Xefe Territorial si respostou algunha vez pero os dous responsables políticos non responden nunca.

Informa agora de que se fixo a aprobación inicial do orzamento municipal 2023. O Pleno do Concello na sesión do 18 de novembro aprobou o orzamento máis alto da historia con 292 millóns para 2023, que supoñen un incremento do 2,25% respecto ao ano anterior, e que chegarán ata un total de 385 millóns de euros cos fondos europeos e remanentes. En concreto na Área de Educación incrementa un 5% cun importe total de 21.776.000€, que son 6.241.000€ máis que o pasado ano. Xunto con Benestar Social, é unha das Áreas que máis incrementou o seu orzamento.

Entre as partidas mías salientables destacan as seguintes:

Axudas ás familias con fillos/as en ensino obrigatorio (205€ por menor). Explica que esta axuda se decidiu dar debido á inflación que se está a vivir, para poder axudarlle ás familias coa compra dos libros de texto e material escolar. Di que é unha axuda lineal e que se lle dará a tódolos menores que cursen ensino obrigatorio. Informa de que se estiman unhas 25.000 solicitudes, e que neste momento hai unhas 5.000 solicitudes xa presentadas, cando o prazo leva aberto apenas unha semana. Di que o orzamento para esta partida é de 5.200.000€ e que se fose necesario se podería incrementar. O período de solicitudes finaliza o 2 de febreiro e intentarase que as achegas se fagan á maior brevidade. En canto á partida da limpeza dos colexios, comenta que o contrato vixente está rematando, e que xa está a nova licitación en marcha. Explica que para esta partida o orzamento é de 3.500.000€, o que supón un incremento notable, que vai recoller melloras para o servizo. Explica que neste momento a situación da limpeza nos centros está nun momento delicado, xa que se está rematando o concurso e parece que hai algunhas deficiencias que non se están a atender, trasladáballe agora a representante de Directores de Primaria que por exemplo non lles repoñen os consumibles, e comenta que mañá mesmo falará coa Xefa de Servizo e co responsable da empresa para ver que está pasando. Di que lle dá a sensación de que como están rematando o concurso están desatendendo as súas funcións, pero que isto non se pode permitir.

Outra das partidas destacables é a de Vigo en Inglés, que no 2023 será de 2.453.000€. Aproveita para comentar que no 2022 se fixo un traballo encomiable por parte de todo o persoal da Concellería de Educación, xa que se fixeron tres edicións xuntas do programa. Foi o alumnado ao que lle tocaba por idade pero tamén os dos dous cursos anteriores que non puideran ir por mor da pandemia. Iso implicou un traballo excepcional por parte de Pedro Vázquez e a súa compañeira Nuria que fixeron o inimaxinable para sacar o programa adiante, con toda a complexidade que supuxo mandar a 2500 alumnos/as nun contexto no que escaseaban familias acolledoras, xa que o propio Goberno Británico, lle daba a prioridade a familias ucraínas para ser acollidas por estas familias, o que por outra banda é comprensible. Tamén houbo dificultades para conseguir High Schools,... Di que á espera de ter tódalas enquisas de valoración, pensa que o resultado foi satisfactorio. Informa de que houbo algún incidente máis que en anteriores edicións, pero non moito máis pese ao que o volume de alumnado foi moito maior. Pensa que empresa adxudicataria fixo moi ben o traballo, porque foi quen de ir solventando tódolos atrancos, xa que este ano como xa dixo foron moitos. Explica que este ano tamén están tratando de retomar as bolsas que había na Escola Oficial de Idiomas, que se paralizaron estes últimos anos debido ao contexto.

Outra partida importante é a da Rede de Escolas Infantís Municipais. Son 9 escolas e teñen un orzamento de 2.375.312€. Informa de que agora están en plena obra da Escola da Praza da Industria, que se están a cumprir os prazos. Di que cando se desenvolva o Barrio do Cura hai o compromiso de facer alí unha escola infantil, co que se pasaría a ter 10 escolas municipais. Ademais disto hai que sumarlle as dúas escolas que paga o Concello (Valadares e Rúa Palencia) pese a ser da xunta, porque lle obrigan a facelo, sobre 200.000€, o que supón máis do 50% do que custan estas escolas ao ano.

En canto ás escolas Municipais de Ensinanza non regrada (Escolas de Música, Teatro, Danza, ETRAD e EMAO) di que se lle dedican 3.400.000€.

Informa de que segue vixente o convenio con FOANPAS para pagar a parte de comedores, a de actividades, e o funcionamento da Federación. Di que o convenio supón 606.000€.

Para a UNED resérvanse 567.000€. Lembra que a UNED está aquí grazas á colaboración entre Deputación e Concello de Vigo, que segue incrementando o número de matriculados, nas máis de 13 titulacións que se imparten.

Por último comenta que nestes orzamentos tamén irá a redacción dos proxectos de cubrición de patios do Ceip Lope de Vega e do Josefa Alonso e doutro máis que está por definir. Di que o de cubrir os patios entra dentro da eterna disputa que hai coa Xunta, que se nega a asumir as súas competencias. Explica que o Alcalde xa tratou este tema no eido da FEMP, porque se está a pedir que os concellos teñan as competencias en materia de educación. Se as Administracións Autonómicas non van a atender ás demandas das Comunidades Educativas, se non van a atender ao estado lamentable dos edificios dos centros educativos, é mellor que os Concellos asuman estas competencias, con tódolos recursos económicos e humanos que conleva. Di que desde o Concello de Vigo non teñen ningún problema en facer un Plan de reforma integral dos centros da cidade, como xa se fixo no 2009. Lembra que daquela se orzamentou a reforma integral en 20 millóns de euros, dos cales, sen ser súa a competencia, o Concello se comprometía a poñer a metade, 10 millóns de euros e que a Xunta puxera a outra metade. Pero nunca contestaron a ese ofrecemento do Concello de Vigo. Así que, se non queren atender as súas competencias, será mellor que as asuman os Concellos. Explica que é algo que habería que facer a nivel estatal pero que xa está enriba da mesa da FEMP. Lembra que hai casos como o do CEIP Vicente Risco, que non ten calefacción e ten que enchufar radiadores eléctricos, pero isto fai que sexa incompatible co uso dos PCS e pantallas dixitais, porque a rede non soporta todo enchufado. Di que é só un exemplo pero que é a tónica xeral. Instalacións vellas e deterioradas que o que fan ademais é que se disparen os consumos con todo o que iso supón. Antes do ano 2019 o Concello viña gastando uns 500.000€ en gastos de mantemento pero pouco a pouco foron asumíndose obras que eran competencia da Xunta dentro desta partida. No ano 2022 incrementouse a 722.000€ o gasto de mantemento máis 407.000€ en gasto de inversión que non é a súa competencia. Cada vez o mantemento aumenta porque as instalacións están obsoletas e consumen máis, hai máis roturas,... e este gasto sería mellor se a Xunta investira en renovar as instalacións, que é o que ten que facer. O gasto sería menor e os nenos e nenas estudarían en boas condicións, que neste momento en moitos casos non o están a facer.

O Presidente prosigue o seu informe dando explicación acerca da problemática que houbo coa contratación de porteiros vixiantes. Explica que houbo un cambio na lexislación que foi o que en maior medida provocou este retraso na contratación. En todo caso xa se puxo en marcha o proceso e o pasado mércores 19 de outubro 2022 o BOPPO publicou as Bases e convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de oficial de instalacións municipais. Di que van a intentar axilizar o máximo posible na contratación deste persoal, sempre tendo en conta os prazos administrativos. Explica que é un problema que neste momento afecta a 23 centros da cidade e el mesmo está en comunicación con tódolos directores e directoras destes centros, que mesmo lles deu a posibilidade que lle escriban por whatsapp para comunicarlle os problemas que teñan. A previsión é de que en febreiro poidan ter cubertas estas prazas temporalmente e logo para o 23-24 espera poder

ter a solución definitiva, para que non se volva a repetir este problema que vén de lonxe. Explica que polo de agora o que xa está a facer o Concello é reforzar o mantemento nestes centros xa que unhas das tarefas dos porteiros vixiantes é facer mantemento en cuestións menores como cambiar unha bombilla ou arranxar unha billa, e ese tipo de traballos van a atenderlos xa. Está claro que non cobren co reforzo de mantemento tódalas funcións dos porteiros vixiantes pero están intentando polo menos cubrir esas necesidades de mantemento. Di que nas reunións que mantivo cos Directores tamén lles trasladou que se vai aumentar a partida de autoxestión. Hai unha previsión de incremento total dun 24%, o que supón uns 70.000€. Esta é unha demanda que viña de anos atrás e este ano decidiron aumentala porque o incremento dos prezos fai que sexa moi necesario.

Aproveita para explicar que a Xunta de Goberno Local aprobou o pasado venres 9 de decembro as axudas municipais de comedor e material escolar para Educación Infantil, Primaria e Secundaria que se aboarán este mes de decembro. As axudas para o comedor ascenden a 3.560, o que implica 560 máis que o ano anterior e un incremento de 250.000€ na partida económica destinada a esta finalidade cuxo importe final foi de 1.530.000€.

Rematado o informe da Presidencia continúaase coa orde do día.

4.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2022-23

Plan de traballo da Com. de Equipamentos e Planificación Educativa:

Santiago Rodríguez, Presidente da Comisión, expón o Plan de Traballo que vai a seguir na liña iniciada nos anos anteriores, xa que en moitos dos temas seguen estancados:

Dada a inacción da Administración Educativa en asuntos fundamentais analizados e reivindicados por este Consello Escolar nos últimos anos, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa seguirá a insistir na necesidade de que se acometan as actuacións precisas para:

- A creación dun IES en Navia.
- A actualización da zonificación escolar.
- O mantemento, mellora e ampliación da oferta escolar nas súas diversas etapas e modalidades.
- A mellora, ampliación e asunción dos servizos complementarios, nomeadamente comedor e transporte.
- As melloras necesarias nas infraestruturas educativas, incluíndo a súa renovación, conservación, mantemento e limpeza, así como nas súas contornas.

Plan de traballo da Com. Pedagóxica e de Innovación Educativa:

Bertila Fernández, Presidenta da Comisión, comenta que no Plan de traballo fixeron unha reflexión xa que están preocupados porque ven que están nun foro no que se xunta toda a comunidade educativa e non se está a responder coa contundencia que a escola pública se merece, a única maneira de loitar pola educación de calidade que se merecen os nenos e

nenas e facéndoo xuntos. Botan de menos a convivencia incluso dos compoñentes do CEMV e recalca que a participación por exemplo nas Comisións de Traballo está sendo mínima. Di que é unha pena non aproveitar este espazo para abordar tódolos problemas que ten o ensino na cidade, e que no pasado si se usaba este foro, si había máis participación, debate, diálogo. Explica que aquí hai compañeiros que poden dar fe disto como Santiago Rodríguez ou Antonio Vázquez que levan anos participando activamente. Recalca que desde a súa posición, a de Foanpas, tamén levan anos a traballar desde a convivencia e conseguiron moitas cousas como a atención domiciliaria, traballaron pola gratuidade de libros de texto no seu momento,... e sempre da man dos equipos directivos dos centros, que ao menor problema sempre estaban aí. Está claro que os tempos mudaron, as necesidades son outras, pero hai necesidades moi moi graves que non están sendo atendidas, problemas de saúde mental, suicidio, acoso escolar,... As familias con nenos con NEAE son as grandes prexudicadas, teñen que estar mendigando diante das portas da administracións polos dereitos de seus fillos e fillas. Por iso fan a reflexión, porque se ben é certo que os docentes teñen os seus dereitos e deberes e as familias o mesmo, hai puntos que os unen, e o maior fío condutor que hai son os nenos e nenas. E por eles teñen que estar aquí. E nesta liña presentan o seguinte Plan de Traballo:

O plan de traballo da Comisión Pedagóxica do CEMV está baseado na análise de resultados dos últimos cursos escolares e da man deses datos de valoración, en canto á convivencia nos centros educativos e ós resultados académicos, imos intentar facer unha aposta polo futuro. Non imos analizar a convivencia soamente nas aulas, entre iguais, senón a convivencia da COMUNIDADE EDUCATIVA na nosa cidade que pode servir de referente a outras.

Nos últimos anos de andadura do CEMV observamos como decreceu a participación e interese neste órgano. O CEMV é o foro educativo máis representativo de todos os sectores da Comunidade Educativa. Temos moitos recursos á man e ferramentas que estamos a desprezar. Somos unha plataforma dende a que podemos levar as voces do estudantado, familias, profesorado a onde teñamos que chegar. Participemos activamente e aproveitemos este foro para, entre todas as persoas que aquí estamos, mellorar o ensino.

O proceso de elaboración das mocións e iniciativas faise con todo o esforzo, dedicación, interese e un amplo traballo de campo. A intención destas é trasladar o debate enriquecedor a este foro e trasladar o consenso a quen corresponda a solución para mellorar as carencias e dar resposta ás necesidades xeradas no ámbito escolar.

O diálogo ten que prevalecer ante todo tipo de posicionamentos ou discusións radicais e sen fin.

Coller da man os fíos nos que estamos de acordo e debater e chegar ao consenso é a única forma de avanzar cara a un futuro educativo inclusivo, digno e de calidade. Os axentes que

conformamos este CEMV debemos retomar de inmediato esa capacidad de diálogo e entendemento. Asertividade, empatía e entre todos e todas levar polas canles establecidas esas demandas cara as administracións.

Produce unha sensación de desánimo e impotencia as desculpas e evasións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que non é capaz de responder ás mocións que neste CEMV se presentan, se aproban no pleno e se lle remiten.

Démonos conta de que a Consellería de Educación é a titora educativa do alumnado de Galicia e que ten que velar e facer respectar os dereitos do mesmo. A administración educativa non pode estar sempre en modo encefalograma plano, sen resposta. Esta actitude é irrespectuosa cara a comunidade educativa de Vigo, alumnado, profesorado, persoal técnico, administración local e cidadanía viguesa e incluso cara ela mesma por non dar solucións e velar para que todas e todos os nenos e nenas teñan os mesmos dereitos.

Lembremos que as familias do alumnado NEAE teñen que estar de eterna peregrinaxe ás portas da Consellería de Educación.

Marquemos un obxectivo: SER COMUNIDADE EDUCATIVA máis que nunca.

Aparcar as diferenzas para lograr un avance cualitativo baseado na CONVIVENCIA E RESPETO, actitude que traerá consigo unha sólida, autocrítica e reforzada sociedade de futuro.

Convivir coa administración educativa de xeito positivo é necesario para este fin. Diálogo de todos os sectores, non nos cansaremos de repetilo e lembremos esta frase tan pronunciada por todas e todos: “A educación non é un gasto é inversión no futuro”.

A Comunidade Educativa da nosa cidade sempre foi un referente e un motor en Galicia. Moito ánimo e poñámonos a traballar nesta liña, sen medos e dando pasos firmes sen présa pero sen pausa.

Plan de traballo da Comisión do Alumnado:

Joel Covelo expón o plan de traballo da Comisión do alumnado:

Para este curso 22-23 a Comisión do Alumnado, ten varios obxectivos claros:

- En primeiro lugar a reorganización interna da Comisión debido a que dous representantes de alumnos deixan o CEMV ao cambiar a estudos superiores. Esta renovación terá que ser levada a cabo canto antes, para poder levar a cabo a ampla tarefa que ten esta comisión e para volver ao seu pleno funcionamento.

- Tamén seguindo a liña de traballo do curso pasado, e segundo acordamos nas xuntanzas mantidas no Concello o pasado mes de abril, sería conveniente retomar os contactos coa Concellaría de Mocidade para ver a situación do falado na anterior xuntanza, e aportar

ideas novas que o alumnado e a mocidade nos fan chegar a diario.

- Outro dos eixos sobre o que xirará o traballo desta Comisión durante o actual curso, basearase no transporte e accesibilidade aos centros por parte do alumnado, xa que é unha demanda cada vez máis agravada. Esta será una tarefa que terá que ser levada a cabo conxuntamente co resto de Comisións para así lograr mellores resultados.

- Apoiaremos tamén, sempre e cando sexa necesario, á Comisión Pedagóxica nas súas reiterativas mocións respecto aos graves problemas de saúde mental que sofre o alumnado nos centros educativos, xa que esta é una realidade que non sempre é tida en conta.

- Por outra banda, seguiremos traballando na busca dunha maior comunicación entre os representantes de alumnado nos consellos escolares dos centros, para así poder atender as súas demandas e peticións. Por iso, intentaremos retomar as xuntanzas con representantes do alumnado nos consellos escolares, buscando unha maior asistencia do alumnado, para así poder levar a cabo xuntanzas e que destas poidan saír novas propostas e suxestións.

Ademais de todo isto, atenderemos a todas as peticións que nos sexan achegadas, e presentaremos as mocións que correspondan.

5.- Propostas de mocións:

5.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a saúde mental

ANTECEDENTES

Nos últimos anos, dende FOANPAS levantamos a voz para poñer de manifesto a inxenuidade que nos producía e nos produce o estado da saúde mental das nosas crianzas. Para nós nunca foi un tema tabú e temos claro que o que non se nomea, non existe e se non existe non se atalla, nin se inviste, nin se coída, nin se mellora. O pasado mes de marzo, a Fundación SALMA (Fundación para o Coidado da Saúde Mental en Galicia) presentou no Parlamento Galego, co aval de máis de 17.000 sinaturas, unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) a prol da aprobación dunha Lei Galega de Saúde Mental.

A saúde mental “non é un privilexio, ten que estar preto das persoas e debe coídate dende a infancia”. Estas son algunhas das claves que fundamentan a proposta que foi rexeitada polo goberno galego e que enlazan directamente con esta petición. Porque a meirande parte dos trastornos mentais aparecen antes dos 18 anos e moitos deles mesmo moito antes dos 15.

O rexeitamento non nos para e agora traballamos en conxunto con diferentes entidades no acordo pola mellora da Saúde Mental Infanto- Xuvenil de Galicia que ten como meta ofrecer propostas para a mellora dos servizos socio-sanitarios e educativos que participan

no coidado da saúde mental dende unha visión integral da mesma. A súa vocación é a de promover un gran consenso entre a sociedade civil e a gobernanza en todas as súas escalas, especialmente entre os axentes dos eidos sanitario, educativo, social e familiar que estean implicados directamente no traballo diario coa infancia e coa mocidade. Non debemos, non podemos esquecer que “non hai saúde sen saúde mental”.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:
- Que se invistan tódolos recursos necesarios no coidado da saúde mental, tanto a nivel sanitario como educativo, **incidindo na prevención.**

Bertila Fernández recalca a necesidade de que colaboren as Consellerías de Educación e Sanidade. Di que co problema tan grave que teñen enriba da mesa é increíble que estean a mirar para outro lado.

Antonio Vázquez comenta que está totalmente de acordo co exposto por Bertila e di que non entende como desde a Consellería non están dando pasos neste tema, porque o problema non vai desaparecer sen máis, hai que enfrontalo e tomar medidas.. Pon o exemplo doutras Comunidades Autónomas nas que si se estás facendo cousas, por exemplo na Comunidade Valenciana acaban de orzamentar con 40 millóns de euros un Plan de acción para traballar esta problemática, estanse a crear grupos de coordinación entre diferentes departamentos,... Di que levan unhas semanas saíndo en prensa informes explicando que a situación con respecto á saúde mental nos centros educativos cada vez é máis complicada, cada vez hai máis menores co protocolo de suicidio activado e mentres en Galicia non hai un posicionamento claro.

Joel Covelo, comenta que está en total acordo co que acaban de comentar e pensa que a Administración Educativa debería darlle máis apoios, recursos e formación ao persoal docente que se está vendo desbordado por este problema. E tratan de axudarlle ao alumnado cos ferramentais das que dispoñen, e moitas veces non o conseguen porque non é suficiente, debería implicarse á Consellería de Sanidade nos centros, porque é un tema de saúde pública. E a el cónstalle de primeira man que cada vez os problemas entre o alumnado aumentan.

Santiago Rodríguez pensa que o problema é moi grave, que manifesta estar de acordo co exposto pero lembra ademais que a Consellería debería velar pola saúde en xeral tamén dos docentes e non o está facendo, non hai avaliación de riscos, non hai catalogación de enfermidades profesionais,... e todo isto é obrigatorio por lei. Se non se encargan do que é obrigatorio por lei como se van encargar do que non o é. E cada vez nas aulas o que ven é que o tema da saúde mental do alumnado é máis preocupante.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a saúde mental.

5.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a incorporación de novos perfís profesionais á escola pública.

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS levamos varios anos reclamando un salto cualitativo cara a unha educación pública inclusiva e de calidade para todos e todas, na que non se realice distinción algunha en razón de procedencia, cor, sexo, lingua, relixión, diversidade funcional, diversidade física, diversidade intelectual, orixe social ou calquera outra condición.

A escola é un reflexo do que sucede na sociedade e a complexa situación actual obriga a dar respostas adaptadas ás necesidades das crianzas. E o profesorado non está formado nin dispón do tempo e as ferramentas precisas para facer fronte a todas as demandas.

É o momento de abrir a escola a novos perfís profesionais que enriquezan a educación e a vida das crianzas, favorecendo o seu desenvolvemento físico, psíquico, emocional e social.

Na escola teñen cabida profesionais da enfermería escolar (realizando intervención sanitaria e prevención en educación para a saúde e educación sexual), da educación social (levando a cabo programas de convivencia ou prevención do acoso), da terapia ocupacional (mellora na accesibilidade e psicomotricidade), da psicoloxía escolar (programas de educación emocional), entre outros perfís.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se traballe na incorporación de novos perfís profesionais na escola para enriquecer e mellorar a vida e a saúde das crianzas.

Bertila Fernández recalca que neste momento hai moitísimas casuísticas e problemas que se están a dar nos centros e que non se lle pode esixir ao profesorado que os atenda, que abarque toda a problemática e que ademais sexan titores e impartan a súa materia. Problemas de acoso, trastornos alimentarios, ludopatía, violencia sexual,... e moitos máis problemas que podería tratar persoal especializado, só se trata de querer investir recursos para mellorar a vida dos nosos menores.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre novos perfís profesionais.

5.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación

Educativa sobre a educación inclusiva.

O Secretario explica que o texto que se mandou nesta moción non se correspondía co que tiñan que ter mandado, que foi un erro á hora de enviar a convocatoria. Explica que se aporta o texto correcto impreso e que se os Conselleiros presentes o consideran oportuno se pode tratar igualmente e senón enviar a moción ao seguinte Pleno. Estando todos de acordo, Bertila Fernández presenta a moción para ser debatida nesta sesión. .

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS levamos varios anos reclamando un salto cualitativo cara a unha educación pública inclusiva e de calidade para todos e todas, na que non se realice distinción algunha en razón de procedencia, cor, sexo, lingua, relixión, diversidade funcional, diversidade física, diversidade intelectual, orixe social ou calquera outra condición.

Pero nos últimos cursos, vimos asistindo a uns recortes de persoal docente que afectan á calidade do ensino, supoñendo unha diminución da mesma. Os/as docentes enfróntanse cada vez a un alumnado máis diverso, con diferentes circunstancias e necesidades, que precisa unha resposta adaptada e accesible.

Isto faise complicado se non se dota aos centros dos recursos necesarios, tanto materiais como humanos, tendo en conta non só os números, senón as necesidades reais. As situacións coas que está a convivir a comunidade educativa dos centros públicos son tales como: saturación de alumnado, compartir centros diferentes e en ocasións moi arredados entre si (en diferentes concellos), vacantes sen cubrir ou tardanza nas adxudicacións, compatibilización con cargos directivos e outras circunstancias que afectan ao traballo do profesorado.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle esixan á Administración Educativa os medios necesarios para garantir unha educación pública inclusiva e de calidade, na que se dea resposta ás necesidades de todo o alumnado e na que se poña en valor a labor dos/as docentes.
-

Santiago Rodríguez comenta sobre as tres mocións presentadas ata agora por Foanpas, di que quere salientar que son mocións moi diferentes, que teñen en común que se refiren á calidade da educación e que as tres requiren da Consellería que se destinen recursos, pero máis alá diso a temática é diferente e por iso é necesario que se presenten separadamente.

5.4.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as deficiencias detectadas nos comedores de xestión indirecta da Xunta de Galicia.

ANTECEDENTES:

No lote 22 de comedores da Xunta de Galicia que inclúen os colexios, C.E.I.P Altamar, C.E.I.P Virxe do Rocío, C.E.I.P Emilia Pardo Bazán, C.E.P Celso Emilio Ferreiro, C.E.I.P Santa Mariña, E.E.I Cristo da Victoria, C.E.I.P San Salvador de Teis e C.E.I.P O Sello, estanse a detectar moitos problemas e moitas queixas por parte dos usuarios de dito servizo. Xa dende o curso pasado comezaron a ter queixas, a comida chegaba fría, as cantidades eran insuficientes e a presentación moi deficiente, pero este novo curso está sendo un verdadeiro calvario para os usuarios dos comedores xa que, a todo o anterior, sumamos a mala calidade dos alimentos presentados.

Estas queixas sempre se lle presentaron tanto por parte dos equipos directivos dos centros coma os monitores dos centros a empresa de catering asignada a este lote, que é ALSAGAL S.L..

Pasamos a redactar algunhas das andanzas dos noso usuarios no comedor:

- A comida chega entre as 9 da mañá e as 11 polo tanto por moi ben conservada que estea cando a serven está morna, como moito, e nos comedores que teñen dúas ou máis quendas os da segunda pasan a tomar a comida fría, tendo en conta que nestes colexios non hai cociña e como moito hai un ou dous microondas, co cal é imposible quecerlles a comida a todos os usuarios.
- A empresa manda as cantidades moi xustas, co cal moitas veces as monitoras teñen que facer verdadeiros números para que os cativos teñan todos a súa ración e inda así moitos saen con fame.
- A presentación en moitas ocasións é moi deficiente, recordemos que estamos a falar de nenos e que esta parte é fundamental a hora dunha boa comida, se a un neno lle pos no prato un anaco de coello cun ril seguramente non o comerá xa que a estas idades son moi visuais.
- A calidade este ano é nefasta, este quizais sexa o punto máis relevante de todos, estamos a falar de comida dura, mal cheiro nos pratos, incluso de comida podre e que a contestación da empresa sexa nula a pesar das queixas reiteradas das monitoras e das direccións dos centros.

TEXTO:

Esta situación é moi grave e por iso solicitamos a colaboración do Concello para facernos escoitar, e que inste a Xunta de Galicia a que os catering cumpran os pregos recollidos na licitación e corrixa estas deficiencias. Estamos a falar de cativos e, teñamos en conta que para moitos deles esta comida, é a única que poden ter o longo do día, co cal este tema é de especial relevancia para o futuro das nosas crianzas.

Bertila Fernández lembra que estes comedores de xestión indirecta da Xunta eran comedores que antigamente xestionaba Foanpas e que durante a época do bipartito a Xunta foi asumíndoos. A idea era que a Xunta seguira asumindo o resto dos comedores pero houbo un parón e non se está a cumprir co acordado. Por outra parte, lembra que a comunidade educativa de Vigo fixo un gran traballo, no que participaron sindicatos, direccións e ANPAS,... que foi elaborar un ha proposta de Decreto de Comedores, digno e axustado ás necesidades. Di que está actualizado e se poden incorporar novas ideas. O que non pode haber é comedores de 1ª de 2ª e de 3ª, que é o que pasa agora. Lembra que o comedor é moito máis que un servizo complementario e non pode ser que nos comedores de xestión directa, con cociña propia, tomen produtos de proximidade, elaborados no momento, e logo haxa comedores de xestión indirecta da Xunta onde non haxa ningún control, porque nos que xestiona Foanpas hai unha visitadora técnica que tódolos días vai a un comedor e fai unha inspección exhaustiva mentres nos comedores de xestión indirecta da Xunta non hai ningún control. Di que haberá empresas de catering que cumpren e outras que non, e como campan ás súas anchas fan o que queren, e as direccións non poden estar enriba deles todo o tempo vendo o que pasa, xa que iso ademais é traballo dos que xestionan o comedor, neste caso da Xunta.

Bertila remata dicindo que a Administración Educativa debería sacar un novo Decreto de comedores e ir asumindo os que aínda están xestionados polas Anpas. E buscar solucións como por exemplo reorganizar os servizos e que os centros que teñan cociña propia que fagan a comida para os centros próximos e se distribúa desde estes. E mentres non asuman os comedores, que é o que teñen que facer, que instauren a figura dun visitador técnico que audite o que se fai nos seus comedores de xestión indirecta, igual que fai FOANPAS.

Gorka Gómez comenta que el presentou algunha moción xa sobre o tema de comedores no Pleno municipal. En concreto comenta que dous meses atrás presentou unha sobre os comedores porque a Xunta non está a cumprir xa que tería que asumir os comedores tal é como se fixo no 2007/08 e dar eles o servizo que está dando FOANPAS, para que os nenos e nenas poidan ter o servizo, que fan un traballo encomiable. Di que eles van a facer que esta moción chegue á Administración competente pero que tamén lle fará chegar unhas cartas solicitando que se dea resposta a esta problemática, e se é necesario chegarán a presentar outra moción no Pleno municipal.

Pedro Xosé Castañón recalca que o feito de que unha ANPA xestione un comedor escolar non é unha anomalía. E aínda é máis anormal que a Administración pague por menú un prezo inferior ao que paga Foanpas por menú. Teñen que asumir os comedores pero non en

calquera condición.

Pilar Álvarez comenta que está de acordo con todo o que se está a dicir, pero o que non lle parece ademais normal é que os Directores sexan os que teñen que asumir o labor de xestión de comedor nos de xestión directa, que se está facendo. Di que os directores non teñen por que ter idea de cociña, nin de facer compras, nin teñen formación nin está ese traballo dentro das súas funcións. E é máis nin se recollen esas horas que están nos comedores como horas de traballo. Bertila Fernández di que está de acordo, e eles como familias enténdeno porque as familias asumen unha responsabilidade enorme. A Consellería autoriza a dar comidas nun espazo determinado do centro, pero todo o que alí dentro pase é responsabilidade da ANPA. Pedro Xosé, en relación ao comentado por Pilar, comenta que por outra anomalía o persoal de cociña non ten a potestade para elaborar os menús e facer compras e ao final este traballo recae nos directores, que non teñen formación nin tempo. E isto fano sacando tempo do seu traballo e da atención aos alumnos. Bertila manifesta estar totalmente de acordo, que esa labor tería que facela un xefe de cociña que é o que ten o perfil profesional para facelo.

Antonio Vázquez di que ese é un exemplo máis de como funciona a Consellería pero di que é igual de preocupante que con todo isto que pasa non chegara a este órgano aínda unha moción plantexando esta situación. Porque Bertila fala desde o punto de vista dos pais, e cada un desde o seu punto de vista. Pero se os directores que están a pasar todo iso son eles os que teñen que presentar aquí unha moción e está seguro de que tería apoio total do Consello. Está vendo que toda a comunidade educativa sabe que o tema dos comedores está mal plantexado pero non pasa nada. Cando se lle fala deste tema a César Ares vén a dicir que a Consellería de Educación é responsable do ensino, non de dar comidas.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre as deficiencias detectadas nos comedores de xestión indirecta da Xunta de Galicia.

4.5.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mobilidade do alumnado de Coia.

ANTECEDENTES

O desprazamento a pé á escola está cheo de oportunidades. Oportunidade para mellorar a saúde. Oportunidade para mellorar a sustentabilidade do medio ambiente. Oportunidade para coñecer a nosa contorna máis próxima. Oportunidade para medrar en autonomía e responsabilidade.

Pero este desprazamento ten que realizarse de maneira segura e o entorno ten que estar

preparado para garantir a seguridade viaria da rapazada.

O alumnado que se despraza dende a Rúa As Teixugueiras (Navia) pola Rúa Cañiza, ata os colexios e institutos próximos situados en Coia (IES Alexandre Bóveda, IES Álvaro Cunqueiro, CEIP Celso Emilio Ferreiro, EEI Cristo da Victoria, CEIP Seis do Nadal, EOI Delegada de Coia) sofre falta de seguridade.

A marxe esquerda da Rúa A Cañiza (dirección Coia), antes de chegar ó cemiterio de Bouzas, non ten continuación natural. A consecuencia é que as persoas que a transitan méntense na calzada co risco que implica para elas e para as persoas condutoras. Isto agrávase cando transitan carriños e cadeiras de rodas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Solicitar á Administración correspondente que se lle dea continuidade á beirarrúa da Rúa A Cañiza e que se conecte con un paso peonil coa Rúa Pelaios por diante do cemiterio.
- Que se incentive a mobilidade sostible e segura da rapazada que se despraza ós centros educativos da cidade.

O Presidente comenta que nesa zona hai un proxecto de mellora dos accesos peonís a Navia. Di que é unha obra moi necesaria, porque saír desta zona andando é bastante complicado, e alí hai moito centro educativo. Di que en todo caso se pasará a moción á Concellería de Fomento.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a mobilidade do alumnado de Coia.

4.6.- Moción Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as bolsa de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.

ANTECEDENTES:

Os centros educativos cada ano reciben máis tarde a resolución das becas de comedor xestionadas polas ANPAS.

As ANPAS ou as familias vense obrigadas a adiantar os pagos de comedor, aínda que despois se lles devolva. Isto provoca que moitas familias non poidan facer fronte a este gasto, ou ben non asistan ao comedor ata que se resolva a adxudicación das becas.

TEXTO:

Polo exposto, proponse:

Que se adiante a publicación das becas para que se poidan resolver antes e así as familias non teñan que adiantar estes cartos, ou prescindir do servizo de comedor ata a tardía resolución.

Pilar Álvarez comenta que este ano levan moito retraso na resolución destas bolsas e que agora acaba de saír unha lista provisional pero diñeiro aínda non chegou, e para moitas familias é imposible adiantar ese diñeiro. Por iso se pide que a partir do curso que vén se volva ao prazo de antes, que se convocaban en abril e para o inicio do curso acostumaban estar resoltas, e en outubro empezaban a ingresarlle o diñeiro ás familias. Agora ao non estar resoltas, hai familias que non mandan aos fillos ao comedor porque non teñen a certeza de despois poder pagalo. Gorka Gómez explica que este ano se xuntaron varias cousas, por un lado o proceso empezouse máis tarde, logo houbo moitas máis solicitudes xa que se cambiaron os criterios para que se beneficiaran máis familias, isto, levou a que fora máis lento o proceso de resolver, pero este retraso deste ano foi unha casuística puntual, pero agárdase que para o ano se resolva moito antes.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre as bolsas de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.

4.7.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión do Alumnado sobre o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

ANTECEDENTES:

Como xa vimos solicitando desde o curso pasado, o alumnado dos centros de ensino da contorna do Meixueiro sofren problemas de retraso na chegada a clases ata 15 minutos tarde cada día, é vense forzados a saír 10 ou 15 minutos antes de cada clase o día, para poder adecuarse o horario do servizo de transporte municipal. A este servizo ten que acudir todo o alumnado de bacharelato dos arredores, que non teñen a posibilidade de acceder a un servizo de transporte privado, polas grandes dificultades que suporía isto. Esta é unha situación insostible para o alumnado que ten que vese forzado a perder 30 minutos cada día lectivo para poder asistir a clase, perdendo así o longo do curso a suma de 360 horas lectivas.

Este non e un problema illado dun solo centro, senón dunha zona que alberga tanto

centros de ensino secundario, bacharelato e ciclos de formación profesional, e todos eles sofren os mesmos retrasos. As directivas destes centros xunto coa axuda dos representantes das anpas e dos alumnos levan anos reclamando solucións ante os responsables destes servizos de transporte, sen recibir ningunha contestación pola súa parte.

TEXTO:

Por todo isto, instamos de novo ó Concello de Vigo a buscar unha solución xunto coa empresa responsable dos autobuses, Vitrasa, que nos permita ter un amplo servizo de autobuses e unha frecuencia horaria que poida adecuarse para o uso deste servizo por parte dos alumnos dos centros da zona. Para así poder garantir unha educación pública de calidade grazas a un transporte público óptimo e eficaz.

Joel Covelo explica que xa tivo un primeiro contacto coa responsable do Servizo de Transportes do Concello e están a espera de xuntarse con ela e buscar unha solución. En todo caso quixeron manter a moción para que non caia no esquecemento.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o insuficiente servizo de Vitrasa na contorna do Meixoeiro.

4.8.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mellora da calidade do ensino.

ANTECEDENTES:

O Faro de Vigo do día 26.07.2022 recollía una serie de datos do Instituto Galego da Vivenda como que nos últimos dez anos se perderon 39 aulas, sumando Educación infantil e primaria. Para o presente curso académico 22-23, en educación infantil ofertáronse 2900 prazas e só se cubriron 1700, e foron suprimidas dúas aulas de infantil en Teis-Frian e no Pombal.

Diante da baixada do número de alumnas e alumnos a Consellería de Educación vén seguindo a política de peche de unidades, cando sería conveniente que se aproveitase para tomar medidas que, sen dúbida, poderían mellorar a calidade do ensino como rebaixar a ratio de alumnado por aula ou potenciar os reforzos educativos.

TEXTO:

Por elo, o CEMV insta á Consellería de Educación a que poña fin a supresión de aulas e tome medidas que faciliten a mellora da calidade do ensino (baixada de ratios, reforzos educativos, etc)

O Presidente apunta que presentaron varias mocións neste sentido no Pleno Municipal, porque cando hai unha baixada de natalidade claramente deberíase apostar por unha

redución das ratios o que levaría a unha mellora na calidade de ensino. Di que este goberno leva feito e segue a facer escolas infantís pese á que a natalidade descendeu, e é algo que ten cuestionado a oposición.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a mellora da calidade do ensino.

4.9.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a gratuidade dos libros de texto.

ANTECEDENTES:

Antón Costas, insigne economista vigués (sempre subliña que de Matamá) e presidente do Consello Económico e Social no Estado), escribía un artigo el El País o pasado 5 de outubro de 2022 titulado Aliviar el dolor de la inflación, sobre as medidas que se deberían tomar para superar, ou aliviar, a situación económica. Pois ben, propoñía que “necesitamos un novo contrato social que permita construír una economía vibrante e unha sociedade xusta”. (<https://elpais.com/economia/negocios/2022-10-09/aliviar-el-dolor-de-la-inflacion.html>)

E engadía que para logralo era necesario tomar certas medidas coma o “acordo de rendas amplo, complementado coa provisión de bens e servizos que aumenten tanto o salario non monetario como a produtividade das pymes: ensinanza preescolar gratuíta, rebaixas do prezo de outros servizos básicos como libros escolares, formación dual efectiva, universidade e masters a prezo accesibles,....

Se non lle podemos facilitar todo o material escolar a absolutamente todos os nenos que hai en España ¿Que asco e que fracaso de país estamos creando? (Rosa Montero. *El Mayor Fracaso*. El País. 2.10.2022).

A situación económica debería ser razón suficiente para que o alumnado das ensinanzas obrigatorias tivesen asegurado o acceso gratuíto aos libros de texto e ao material escolar básico. Asemade esa gratuidade debería ir acompañada da creación dos denominados “bancos de libros” que tan magníficos resultados teñen acadado en pasados cursos académicos.

TEXTO:

Polo tanto, o CEMV demanda da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia a posta en funcionamento dun sistema de gratuidade universal dos libros de texto para o alumnado do ensino obrigatorio.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a gratuidade dos libros de texto.

4.10.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a falta de transparencia e os procedementos da Administración Educativa.

ANTECEDENTES:

Comezamos un novo curso académico e atopámonos con que algúns dos vellos e rancios “costumes” da Consellería de Educación seguen a manterse. A saber:

- 1.-Non contestar a ningunha das mocións que lle foron enviadas dende este CEMV.
- 2.-A non publicación dos datos de preinscrición, matrícula e alumnado que queda sen praza en determinados niveis educativos, como e o caso da Formación Profesional.
- 3.-Intentos de supresión de aulas en período vacacional, como foi o caso do intento de suprimir a quenda de Adultos no IES Castelao do Calvario-Vigo

TEXTO:

Por todo isto, o CEMV solicita da Consellaría de Educación que se modifiquen tales procederes e que se faga unha aposta clara pola transparencia, que debe ser unha condición indispensable do funcionamento, cando menos, das administracións públicas.

Antonio Vázquez só quere recalcar que o que se pide nesta moción é o mínimo que se lle pode pedir a calquera administración que pretenda ser democrática.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a falta de transparencia e os procedementos da Administración Educativa.

4.11.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a zonificación.

ANTECEDENTES:

Á vista do acordo de nova zonificación que se realizou na cidade de Pontevedra no ano 2017 que se realizou mediante un diálogo fluído, como se demostra nos dous documentos que se achegan,

TEXTO:

O CEMV demanda da Consellería de Educación una explicación do incumprimento dunha nova zonificación na cidade de Vigo.

Antonio Vázquez comenta que con esta moción quere contraponer o que pasou en Vigo e en Pontevedra coa zonificación, Mentres que en Vigo imperou o oscurantismo, en Pontevedra houbo actas de xuntanzas, houbo diálogo,... En Pontevedra fíxose todo rápido e en tempo, destacando o labor dun inspector extraordinario que desgraciadamente faleceu

este verán moi xoven, Raimundo Naveira, e aquí parece que é imposible. Bertila Fernández comenta que a estas alturas desde Foanpas xa teñen claro que non se vai abordar a zonificación nunca, porque non lles interesa, e Vigo necesita unha zonificación actualizada ás necesidades actuais. Hai unha falta de respecto e consideración cara á comunidade educativa desta cidade.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a zonificación.

5.- Preguntas e suxestións.

Santiago Rodríguez pregunta acerca dalgo xa comentado noutros plenos, a posibilidade de facer un acceso desde o IES Santa Irene ao Pavillón das Travesas para o alumnado. O Presidenta informa de que vai pasarlle a pregunta ao técnico de deportes e cando saiban algo en firme que lle trasladarán a resposta.

O Presidente agradece a todos a asistencia e deséxalles un Bo Nadal, que despois de dous anos de pandemia e do gran esforzo feito por todos e todas, merecen un descanso. Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 20:10h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz